



Resolución do 9 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se convoca a participación no programa de innovación educativa “Club de Ciencia” para centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade durante o curso 2021/22.

O artigo 105 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación establece que as administracións educativas favorecerán o recoñecemento do labor do profesorado dos centros públicos, atendendo á súa especial dedicación ao centro e á implantación de plans que supoñan innovación educativa, por medio dos incentivos económicos e profesionais correspondentes.

Ademais, na disposición adicional vixésimo quinta, respecto do fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, esta Lei dispón que as administracións educativas impulsarán o incremento da presenza de alumnas en estudos do ámbito das ciencias, tecnoloxía, enxeñaría, artes e matemáticas.

A ensinanza moderna baséase na investigación e no desenvolvemento do espírito crítico. O alumnado debe aprender cos feitos, observándoos e logo interpretándoos por medio de experimentos e con razoamento rigoroso. Espérase que el mesmo redescubra e comprenda principios fundamentais a través da observación e da propia reflexión.

Faise necesario captar o interese do alumnado, destacar a importancia e a utilidade do que se aprende para resolver problemas nun futuro inmediato e así acadar unha repercusión directa cara a futuras vocacións.

Outro elemento que se considera necesario é impulsar as coñecidas como “vocacións STEM” (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) e así espertar a motivación do alumnado cara a estudos posteriores nos campos de coñecemento do ámbito científico tecnolóxico, como así o pon de manifesto o “Estudo sobre os factores influentes na elección de estudos científicos, tecnolóxicos, enxeñerías e matemáticas en Galicia” no que se destaca que o índice de titulados non cubrirá a demanda de profesionais nun futuro nestes sectores.

Nesta liña, esta consellería traballa no fomento da presenza de rapazas en estudos non obrigatorios relacionados co ámbito STEM. As decisións que se toman sobre a orientación académica fórxase no ensino obrigatorio, polo que un factor determinante podería ser a creación de diversos contornos de aprendizaxe onde se ofrezan modelos próximos e proxectos interesantes que teñan un compoñente de xénero.

Neste senso, a creación dun “Club de Ciencia” no centro docente pode proporcionar un escenario propicio para desenvolver estratexias metodolóxicas que promovan capacidades, coñecementos e técnicas, a través dunha invitación ao descubrimento, que aumenten o interese dos participantes por saber, cada vez máis, sobre diversos campos da Ciencia e as súas posibilidades de aplicación na Tecnoloxía.

Estes clubs fundaméntanse nunha metodoloxía baseada na indagación e a aprendizaxe colaborativa, na que o alumnado adquire coñecemento mediante un método activo, propoñen as súas propias cuestións e resollen problemas. Os docentes suxiren indirectamente diferentes medidas para que eles poidan aprender a organizar actividades arredor das súas postostas.

Unha das principais medidas dirixidas aos centros educativos da Estratexia Galega de Educación Dixital (Edudixital 2020) foi a creación do programa de innovación educativa “Club de Ciencia”, regulado por primeira vez durante o curso 2016/17 e que cada curso foi incrementando a participación dos centros.

A nova liña de actuación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o fomento e desenvolvemento de programas que propicien a mellora das competencias STEM, que supón un paso máis tras Edudixital 2020 ten, entre outros obxectivos, favorecer a adquisición das competencias clave do alumnado necesarias para o século XXI, tanto as transversais, como as máis propiamente vinculadas ao ámbito STEM, a competencia matemática e a competencia en ciencia e tecnoloxía e enxeñaría, tendo en conta o seu vínculo co arte, a creatividade e a innovación, e motivar aos mozos e mozas, en especial ás mozas, a que opten por carreiras profesionais nestes ámbitos. Faise necesario ademais establecer un vínculo máis estreito entre a comunidade científica, empregando pedagogía baseada nas indagacións e colaborando con diversos sectores e axentes sociais, na liña do establecido na Recomendación do Consello Europeo de 22 de maio de 2018 relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

O Regulamento polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Consello Europeo do 11 de febreiro de 2021 establece como un dos seus principais eixes a transformación dixital na procura





da excelencia, a universalidade e a equidade na educación; que elimina as brechas sociais e territoriais, que incentiva a formación continua e cre no talento, promocionando o emprendemento e a innovación, o reforzo das súas capacidades de investigación e a atracción e fomento da excelencia.

O Plan de Acción da Educación Dixital 2021-2027 da Comisión Europea focalízase na educación dixital como medio fundamental para a necesaria transformación dixital coa incorporación da intelixencia artificial e das habilidades relacionadas cos datos, así como o fomento da participación feminina na formación STEM.

Neste contexto é preciso determinar, a continuidade dos centros e a incorporación de novos centros docentes para o curso 2021/22 a este programa.

De acordo co anteriormente exposto esta Secretaría Xeral,

RESOLVE:

Primeiro. Obxecto

Esta resolución ten como obxecto convocar a selección de novos centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para participar no programa de innovación educativa “Club de Ciencia” durante o curso 2021/22.

Ademais, dará continuidade aos centros que realizaron un Club de Ciencia durante o curso 2020/21 nas condicións establecidas nesta resolución.

O presuposto para este programa será de 200.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 10.30.423A.229 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dos orzamentos do 2021. Cada centro participante recibirá unha achega económica de valor segundo o reparto do presuposto do programa entre o número final de centros seleccionados.

Esta dotación económica é incompatible con calquera outra destinada ao mesmo proxecto obxecto desta convocatoria.

Segundo. Destinatarios

Poderán presentar solicitudes aqueles centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que impartan ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou bacharelato.

Terceiro. Características do “Club de Ciencia”

O “Club de Ciencia” defínese como un espazo de aprendizaxe non formal baseado nunha metodoloxía de indagación onde os docentes suxiren diferentes accións enfocadas ao alumnado co obxecto de que podan dar resposta ás súas curiosidades, aos seus intereses e resolver problemas.

Deberá estar formado por un ou máis docentes de calquera especialidade e alumnado de educación primaria, secundaria obrigatoria ou bacharelato. Un dos docentes actuará como persoa coordinadora do club.

Desenvolverase fóra do horario lectivo do alumnado nos espazos que se consideren ou habiliten do centro docente. Este horario deberá cumprir como mínimo unha media de catro horas ao mes, comezando a partir da concesión definitiva do proxecto ata final do período lectivo do alumnado durante o curso 2021/22.

Cara ao curso 2021/22 terase en conta a previsión dos posibles escenarios que se puidesen dar en función da situación sanitaria (actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou posibles períodos de confinamento) para a organización e desenvolvemento adaptado a cada escenario.





Cuarto. *Solicitud e documentación*

1. Cada centro de nova incorporación ao “Club de Ciencias” deberá presentar a seguinte documentación:

- Anexo de solicitude
- Proxecto, onde se especifique:
 - Persoa coordinadora do club de ciencia (nome, apelidos, especialidade e DNI)
 - Profesorado participante (nome, apelidos, especialidade e DNI)
 - Alumnado participante: ensinanza, nivel, número de alumnos e número de alumnas.
 - Breve descrición do proxecto que se vai desenvolver no curso 2021/22 na que se indique:
 - Propostas de traballo
 - Previsión de horarios e lugares do desenvolvemento do club.
- Certificado asinado pola persoa directora de que se informou ao Claustro e que se aprobou no Consello Escolar a participación neste programa.

Compre que a proposta teña en conta a posibilidade de desenvolver o proxecto a través de estratexias versátiles que posibiliten a adaptación a distintos escenarios de aprendizaxe (presenciais e virtuais) de acordo co sinalado no apartado 3.

2. A solicitude e documentación dirixirse á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional e presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar coa denominación “Club de Ciencia”, xunto coa documentación (Anexo de solicitude, proxecto e certificado do Claustro e Consello Escolar). Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Quinto. *Continuidade dos centros no “Club de Ciencia”*

1. Considérase prorrogada a participación neste programa durante o curso 2021/22 aos centros participantes durante o curso 2020/21 e non precisarán realizar unha nova solicitude, como consecuencia do proceso de continuidade e consolidación do proxecto, sempre que a súa memoria de desenvolvemento acadase unha avaliación positiva.

2. No caso de producirse cambios nas condicións de participación no proxecto, comunicaranse por correo electrónico ao enderezo clubdeciencia@edu.xunta.gal mediante certificado asinado pola persoa directora do centro no prazo establecido nesta convocatoria.

Sexto. *Prazos de solicitude*

O prazo de presentación de solicitudes e documentación comeza desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>) e remata o 17 de setembro de 2021.

Sétimo. *Criterio de selección*

Asignarase unha puntuación máxima de 50 puntos ao proxecto presentado segundo a súa calidade, coherencia, implicación dos docentes e do alumnado presentado e será condición indispensable acadar unha puntuación mínima de 25 puntos para asegurar unha mínima calidade do proxecto a desenvolver. Os centros que non acaden esta puntuación mínima non serán admitidos.





Oitavo. Dotación económica

1. Cada centro docente seleccionado nesta convocatoria recibirá unha achega económica, e será transferida nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico 2021.
2. O importe concedido a cada centro deberase destinar a sufragar gastos que estean debidamente xustificadas e imputables á participación nesta convocatoria e en ningún caso se utilizarán para adquisición de materiais inventariables.
3. Os gastos teñen que realizarse na súa totalidade antes do 30 de xuño de 2022 e serán debidamente xustificadas ante a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional. As facturas correspondentes deberán ser custodiadas no centro educativo, que poderán ser requiridas pola dita Secretaría Xeral.
4. A non xustificación do gasto no prazo establecido poderá ser causa de revogación das cantidades concedidas. O centro deberá realizar o reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que lles poida esixir.

Noveno. Comisión de selección

A comisión de selección estará formada por:

- Presidencia: persoa titular da Subdirección Xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos (ou persoa en quen delegue).
- Vogais:
 - Persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Inspección e Avaliación do Sistema Educativo (ou persoa en quen delegue).
 - Persoa titular da Xefatura do Servizo de Innovación e Formación de Recursos Humanos.
 - Dúas persoas asesoras do Servizo de Innovación e Formación de Recursos Humanos, unha das cales actuará como secretaria.

Décimo. Resolución provisional

1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional dos centros admitidos. Esta resolución provisional poderase consultar na web desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).
2. Logo da publicación da resolución provisional abrírase un prazo de 5 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a presidencia da comisión. O procedemento é o indicado no apartado cuarto, punto 2.

Décimo primeiro. Resolución definitiva

1. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e elevará a proposta definitiva á persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, que adoptará a resolución definitiva dos centros seleccionados.
2. As alegacións ou reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución definitiva que se publicará no portal educativo <http://edu.xunta.gal/portal/>.
3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.





4. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Décimo segundo. *Avaliación da participación no programa*

Os centros admitidos nesta convocatoria deberán enviar unha memoria de desenvolvemento do “Club de Ciencia” segundo o procedemento establecido no apartado cuarto, punto 2 antes do 8 de xullo de 2022.

Esta memoria deberá realizala a persoa coordinadora e estará formada polos seguintes apartados:

1. Introducción.
2. Profesorado participante, identificando a persoa coordinadora e funcións realizadas por cada docente participante.
3. Descrición das investigacións realizadas polo alumnado indicando os resultados ou conclusións obtidas.
4. Visibilización das actividades realizadas: web do centro, actividades de difusión das actividades, blog, redes sociais, publicacións en revista escolar etc.
5. Relación dos gastos derivados da participación no programa.
6. Conclusións e valoracións.

A non entrega desta memoria, ou a súa baixa calidade, poderá valorarse como criterio para non acordar a continuación do centro en vindeiras convocatorias.

Décimo terceiro. *Certificación do profesorado participante*

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade certificará, segundo a normativa vixente, a participación do profesorado no “Club de Ciencia” como actividade de innovación educativa previa avaliación positiva da memoria presentada, cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para a persoa coordinadora e de 20 horas para o profesorado participante.

Décimo cuarto. *Compromisos do centro e do profesorado participante*

1. Os centros participantes no “Club de Ciencia” durante o curso 2021/22 colaborarán nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da consellería dos dereitos de edición dos materiais educativos relacionados co desenvolvemento do programa no centro. Estes materiais difundiránse baixo a licenza “Creative Commons” que sexa *BY-NC-SA* que combine as propiedades “recoñecemento”-“non comercial”-“compartir igual”.
2. O profesorado participante comprométese a participar na formación específica que se oferte durante o curso 2021/22 e integranse nun Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP).

Décimo quinto. *Información básica sobre protección de datos de carácter persoal*

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
3. As persoas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou





presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional
José Luis Mira Lema

